24.11.2021

17:00h Visita guiada ao órgano da Concatedral

18:00h Conversa entre Vicente Cueva, violín e Fernando Álvarez, órgano. Sede da Deputación en Vigo


21:00h Concerto na Concatedral de Sta. M.ª de Vigo (Acceso do público ao remate da misa, aprox. 20:30h)

Vicente Cueva, violín
Fernando Álvarez, órgano

PROGRAMA

- *Preludio, fuga e chacona,* de Dietrich Buxtehude (1637–1707)
- *Epílogo,* de Vicente Cueva (1943)*
- *Basse et dessus de trompette,* de Louis-Nicolas Clérambault (1676–1749)
- *Dolorosa, das «Melodías Vascas»,* de Jesús Guridi (1886–1961)*
- *Ven agora, Salvador dos xentís, BWV 659,* de Johann Sebastian Bach (1685–1750)
- *Intermezzo,* de «Cavalleria rusticana», de Pietro Mascagni (1863–1945)*
- *Señor Deus, ábreme agora o ceo, BWV 617,* de Johann Sebastian Bach (1685–1750)
- *Meditación,* de «Thaïs», de Jules Massenet (1842–1912)
- *Xesús segue sendo a miña ledicia, BWV 147,* de Johann Sebastian Bach (1685–1750)*
- *Aria,* da «Suite orquestal n.º 2», de Johann Sebastian Bach (1685–1750)*
- *Ronda de campás,* de Niccolò van Westerhout (1862– 1898)
- *Añada al niño Jesús,* de Vicente Cueva (1943)*

*violín e órgano



FERNANDO ALVAREZ MENÉNDEZ

Nace en Almurfe (Belmonte de Miranda, 1965). Comeza os seus estudos musicais en Pola de Siero, baixo a tutela de Anxo Embil. Posteriormente continúa no Conservatorio Superior de Música “Eduardo Martínez Torner”, onde cursa a carreira de órgano baixo a dirección de Antonio D. Corveiras e Composición co mestre Leoncio Diéguez. Finaliza os estudos de órgano superior no Conservatorio de Música de San Sebastián

co mestre Esteban Elizondo. Para completar a súa formación, asiste a numerosos cursos tanto de órgano como de dirección de coro. Actuou en distintos órganos de Asturias, entre eles, Soto del Barco, Llanes, Avilés, Pola de Siero, Pola de Lena, Oviedo, Cangas de Onís, Santuario de Covadonga; e en distintas autonomías da xeografía española, Madrid, Cantabria, León, Cataluña, Valencia. Tamén participa en varias gravacións musicais con outros instrumentistas e cantantes. Desde o ano 1983 é organista na Real Basílica de Covadonga, onde acompañou a innumerables cantantes, instrumentistas e coros de todo o panorama español. Tamén exerce como xefe de estudos, profesor de piano, órgano e Linguaxe Musical na Escolanía do Santuario.



VICENTE CUEVA

Nace en Xixón en 1943. Estuda violín e piano na Escola de Música da súa cidade natal. En Madrid, estudos superiores de violín, así como os de canto, obtendo Diploma en Música de Cámara e o Premio Sarasate de fin de carreira. Actuou como solista en varios grupos de cámara e coa Orquestra Sinfónica de RTVE da que é primeiro violín desde a súa fundación (1965). En 1966 concédeselle, por unanimidade, o Premio Nacional de violín Isidro Gyenes. Debuta como barítono en "Carmina Burana" de Carl Orff. Do seu

mestre, E. Truán, estrea varias obras para canto e piano e toda a súa obra de violín. Á morte de E. Truan (1995), ocúpase de concluír algunhas das súas composicións inacabadas. Estrea obras de varios compositores, como E. Hallfter. Participa como barítono no Milagre de Albelda de E. Truán, obra estreada pola Ou. S. de RTVE, coa que percorreu Europa, América do Norte, México e Xapón, e numerosos recitais no Teatro Real de Madrid, a máis diso cursos de técnica violinística e de Música de Cámara. Compuxo obras para violín, viola, violoncelo, piano, órgano e guitarra, así como música de cámara, sinfónica e coral. Unha das súas obras sinfónicas, "El poema de tu nombre", foi estreada no ano 2000 pola Orquestra Sinfónica de RTVE, dirección de Sergiu Comissiona.